



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### O Barco de Valdeorras

O Pleno deste concello, en sesión ordinaria do día 7 de setembro de 2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal que acompaña o Orzamento para 2023, prorrogado do 2022 e do organigrama nos seguintes termos:

a) Creación da seguinte praza

3. Cadro de persoal eventual:

Denominación da praza; N.º de prazas; Nivel; Grupo; Escala; Situación

Asesor/a en materia turística; 1; 21; C1; ---; Vacante

b) Supresión da seguinte praza

C) Funcionarios/as de Administración especial:

Denominación da praza; N.º de prazas; Nivel; Grupo; Escala; Subescala; Clase categoría; Situación

Delineante; 1; 21; C1; Admón. especial; Técnica; ---; Vacante

E en cumprimento do que dispón o artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2, do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no BOP, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado/a nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se unha vez transcurrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

O Barco de Valdeorras, na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

*El Pleno de este ayuntamiento, en sesión ordinaria del día 7 de septiembre de 2023, acordó la aprobación inicial del expediente de modificación de la plantilla de personal que acompaña al Presupuesto para 2023, prorrogado de 2022 y del organigrama en los siguientes términos:*

a) Creación de la siguiente plaza

3. Plantilla de personal eventual:

Denominación de la plaza; N.º de plazas; Nivel; Grupo; Escala; Situación

Asesor/a en materia turística; 1; 21; C1; ---; Vacante

b) Supresión de la siguiente plaza

C) Funcionarios/as de Administración especial:

Denominación de la plaza; N.º de plazas; Nivel; Grupo; Escala; Subescala; Clase-categoría; Situación

Delineante; 1; 21; C1; Admón. especial; Técnica; ---; Vacante

*Y en cumplimiento de lo que dispone el artículo 169.1, por remisión del 177.2, del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se somete el expediente a exposición pública por el plazo de quince días que contará desde el día siguiente a la inserción de este anuncio en el BOP, para que los/as interesados/as puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

*Durante dicho plazo podrá ser examinado por cualquier interesado/a en las dependencias municipales para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes.*

*Si una vez transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.*

*O Barco de Valdeorras, en la fecha de firma electrónica.*

*El alcalde. Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.*

**R. 2.723**

##### Coles

Unha vez aprobada polo Pleno, na sesión do 8 de setembro de 2023, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola participación en actividades de tempo libre, seguindo o que dispón o artigo 49 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público o expediente durante trinta días para os efectos de exame e reclamacións. Se unha vez transcurrido o dito prazo non se presentasen alegacións, considerase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Coles, 11 de setembro do 2023. O alcalde.

Asdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.

*Una vez aprobada por el Pleno, en sesión del día 8 de septiembre de 2023, la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del precio público por la participación en actividades de tiempo libre, siguiendo lo que dispone el artículo 49 b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y en el artículo 17 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se expone al público el expediente durante treinta días a efectos de examen y reclamaciones. Si una vez transcurrido dicho plazo no se presentasen alegaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.*

*Coles, 11 de septiembre de 2023. El alcalde.*

*Fdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.*

**R. 2.733**

##### Esgos

Axudas á escolaridade para o ciclo de educación infantil, curso 2023/2024

O Pleno do Concello de Esgos, na sesión extraordinaria realizada o día 25 de agosto de 2023, aprobou as bases reguladoras de axudas á escolaridade para o ciclo de educación infantil, curso 2023/2024.

Para os efectos oportunos, mediante Resolución da Alcaldía do 29 de agosto de 2023, aprobouse a correspondente convocatoria.

Bases reguladoras para a concesión de axudas á escolaridade de educación infantil, curso 2023-2024

Primeiro. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a convocatoria de axudas destinadas á adquisición de material escolar co fin de compensar as familias do Concello de Esgos para afrontar os gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas matriculados no ciclo de educación infantil, en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co artigo 55 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Segundo. Natureza xurídica

As presentes bases axústanse e regulan ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a súa normativa de desenvolvemento e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

#### Terceiro. Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados da adquisición de material escolar e complementario que sexa necesario como consecuencia da escolaridade no ciclo de educación infantil.

Enténdese por material escolar:

- Material escolar funxible: cadernos, folios, cores, lapis, bolígrafos, cartafolios, tinta de impresora, libros...

- Material complementario: regras, estoxo, mochilas.

- Material deportivo: chándal, tenis, camisetas, calcetíns.

- Roupa de abrigo e calzado.

#### Cuarto. Compatibilidade

As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidese percibirse coa mesma finalidade doutras institucións, públicas ou privadas.

#### Quinto. Contía das axudas

Para a concesión das axudas convocadas, destínase a cantidade de 1.500 euros, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 320.480, consignadas no Orzamento municipal vixente.

As axudas concederanse por rigorosa orde de presentación, ata esgotar o crédito orzamentario asignado. Non se poderá exceder do límite orzamentario.

A contía das axudas será de 90 euros por neno/a para os cursos de 4.º, 5.º e 6.º de educación infantil (3, 4 e 5 anos).

#### Sexto. Beneficiarios

Poderán solicitar as axudas as persoas físicas pai, nai, titor/a, familia acolledora ou calquera outra que posúa a patria potestade ou tutela dun/dunha ou de varios/as menores escolarizados/as na etapa de educación infantil e que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar todos/as os membros da unidade de convivencia empadroados/as no Concello de Esgos, como mínimo desde o 1 de xaneiro de 2022.

- Estar escolarizados/as en centros de ensino públicos ou privados en tramos concertados de educación infantil.

- Estar ao corrente no pago das obrigacións tributarias do Concello de Esgos.

- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade de convivencia os/as cónxuxes, parellas de feito, os/as fillos/as maiores e menores de idade, os/as ascendentes de cónxuxes e titores/as legais que conviven no mesmo municipio, segundo o certificado de convivencia municipal. Nos casos de separación ou divorcio, considerarase o pai ou a nai que teña a custodia dos/as menores declarada por sentenza xudicial. No caso de custodia compartida, considerarase a todos/as os/as proxenitores/as.

#### Sétimo. Lugar, prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo de presentación finalizará o 1 de decembro de 2023. As solicitudes deberán presentarse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Esgos, ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Oitavo. Documentación

A documentación preceptiva é a seguinte:

a) Anexo I da solicitude.

b) Anexos II e III, declaración responsable para o tratamento e protección de datos persoais.

c) DNI/NIE/pasaporte (en vigor) de todos/as os/as membros da mesma unidade de convivencia.

d) Certificado do centro educativo en que o/a menor ou menores estean matriculados/as.

#### Noveno. Obrigacións do beneficiario

As obrigacións dos beneficiarios son as seguintes:

a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida, no prazo sinalado.

b) Cumprir coa actividade obxecto da axuda, é dicir, realizar o gasto nos conceptos sinalados na base número 3.

c) Acreditar o cumprimento da finalidade da axuda, mediante a presentación dos documentos xustificativos correspondentes (facturas orixinais ou compulsadas) dos gastos realizados para material escolar dentro do prazo establecido para o devandito fin.

d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Esgos.

e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

f) Comunicarlle ao Concello de Esgos calquera modificación das circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

g) Realizar o reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos establecidos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigacións poderase resolver coa suspensión do pago da subvención ou co seu reintegro.

#### Décimo. Procedemento

O órgano competente para a concesión da axuda obxecto das presentes bases será a Alcaldía, tras o informe previo da Intervención Municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado; quedará constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

As axudas concedidas notificaránselles individualmente aos/ás interesados/as.

A modificación de calquera circunstancia que se tivese en conta para a concesión destas deberá serlle comunicada ao Concello, que poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Toda publicación se realizará mediante publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Esgos.

#### Undécimo. Xustificación e pago

O prazo de xustificación da axuda finalizará o 1 de decembro de 2023.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria, tras a xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

As facturas deben estar expedidas a nome da persoa solicitante da axuda e os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a adecuada verificación da correspondencia cos conceptos subvencionables.

Duodécimo. Incumprimento das obrigacións por parte das persoas beneficiarias

1. Se as persoas beneficiarias da axuda non cumprisen coas obrigacións establecidas nas presentes bases, terán que reintegrar a subvención percibida, así como no caso de que se produxisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude que determinase o incumprimento dos requisitos para ser beneficiario da subvención.

2. No caso de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado subvencionado.

#### Décimo terceiro. Normativa supletoria

En todo aquilo non establecido nas presentes bases, será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Esgos, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a demais normativa de desenvolvemento.

Esgos, na data da sinatura electrónica.

(Ver anexos páx. 4-6)



## ANEXO I (SOLICITUDE)

## SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A ESCOLARIDADE DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CURSO 2023-2024

## A. DATOS DOS/AS SOLICITANTES (PAI, NAI, TITOR/A)

Nome e apelidos:	DNI/NIE:
Domicilio:	
Correo electrónico:	

## B. DATOS DOS/AS MENORES PARA OS/AS QUE SOLICITA AXUDA

Nome e apelidos do/a neno/a 1	DNI/NIE:
Centro no que cursa os estudos	Curso:
Nome e apelidos do/a neno/a 2	DNI/NIE:
Centro no que cursa os estudos	Curso:

SOLICITA:

Axuda para a compra de material escolar para o/a(s) menores indicado/a(s).

Esgos, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Sinatura da persoa solicitante

--

ALCALDE DO CONCELLO DE ESGOS



## ANEXO II

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos \_\_\_\_\_, co DNI/NIE \_\_\_\_\_, con domicilio para efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, en calidade de pai/nai, titor/a do(s)/a(s) menores:

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

## DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que coñezo e acepto as bases para o outorgamento de axudas á escolaridade de educación infantil para o curso 2023-2024.
- Que cumpro cos requisitos para acceder a estas axudas.
- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias co Concello de Esgos.
- Que non incorro en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario/a segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Comprométome a cumprir coas obrigas que para as persoas preceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non teño solicitada, nin obtida ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.
- Que me comprometo a aplicar o importe da axuda á finalidade para que pretende a subvención.

Esgos, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.:

ALCALDE DO CONCELLO DE ESGOS



## ANEXO III

## AUTORIZACIÓN

Nome e apelidos \_\_\_\_\_, co DNI/NIE \_\_\_\_\_,

en calidade de nai/pai/titor/a do/a(s) menores:

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

MANIFESTO EXPRESAMENTE a miña AUTORIZACIÓN para que os datos que constan en poder da propia Administración sexan arquivados e consultados directamente; non teño que achegar, pola miña parte, o certificado de empadramento.

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, infórmase que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Esgos.

1. Finalidade do tratamento: xestión e tratamento dos datos persoais das persoas solicitantes das axudas á escolaridade no ciclo de educación infantil do curso 2023-2024
2. Lexitimación. O cumprimento dunha actividade realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento (RXP art.6.1.e) e o consentimento da persoa interesada RXP art. 6.1.a)
3. Persoas destinatarias: non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as salvo por obriga legal. En determinados casos, poderán ser publicados os datos persoais nos termos establecidos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, co fin de darlle a publicidade legalmente esixible.

Dereitos: poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, supresión ou portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal e como se indica na información adicional.

Esgos, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023